

CCOO Celsa Atlantic A Laracha apoia o modelo industrial do Grupo Celsa

- **Empenza aos acredores a adherirse aos acordos e a facilitar a entrada do financiamento público na compañía.**

A proposta dos fondos, é incompatible co financiamento público e co verdadeiro apoio á economía industrial, e á creación e mantemento de postos de traballo de calidade nos últimos anos.

10 de xuño de 2022

CCOO Celsa Atlantic, tal e como recolle a nota publicada hai 2 días polos sindicatos UGT e CCOO a nivel estatal, valora a entrada de créditos públicos na empresa Celsa, a través do fondo de Axuda á Solvencia de Empresas Estratéxicas, como un **feito fundamental para o mantemento do modelo industrial que impulsa a compañía e que garante a reinversión de recursos e a xeración e mantemento de emprego estable.**

Lembra que para o mantemento dos máis de 130 empregos directos na planta galega, así coma os 4.500 empregos directos que ofrece a compañía a nivel estatal, e dunha contorna de provedores de máis de 7.500 pemes, **é necesario apostar por unha economía real e protexer á industria estratéxica española, como Celsa, de posicións financeiras e cortoplacistas.**

Para CCOO Celsa Atlantic, **os fondos acredores, nunca foron unha solución polo seu baixo perfil industrial, vivimos de preto a situación dramática á que foi levada Alulbérica e moitas outras compañías da zona. Agora vémonos obrigados a defendernos como traballadores dunha decisión que non se nos consultou e que a longo prazo está a carrexar moitos problemas para o devir da compañía.**

Os fondos, están a mostrar o seu perfil real cunha proposta que pretende obter un rendemento do 80% anual. Esta proposta é incompatible co financiamento público e co verdadeiro apoio á economía industrial, e á creación e mantemento de postos de traballo. Ademais pon en grave risco os proxectos existentes na actualidade que converterían á planta galega nunha planta con un longo futuro e con capacidade nova xeración de emprego na comarca.

Por este motivo, pide aos acredores que se **adhiran aos acordos** que xa foron subscritos polo resto dos grupos de interese da compañía e que **non bloqueen a entrada de capital público** co mantemento dunha posición baseada na procura dun rédito financeiro voraz e inxustificable.

Persoa de contacto – Diego Doldán Rodríguez, delegado de CCOO Celsa Atlantic e membro da executiva estatal da Sección Sindical Intercentros CCOO Celsa Group (620369197)